



RESOLUCIÓN pola que se aproba as puntuacións provisionais das dúas fases do proceso selectivo para a provisión, mediante contrato laboral temporal, dunha praza de titulado/a superior, xestor de proxecto, para a Axencia Galega de Innovación (proxecto MAE).

Mediante Resolución do 11 de decembro de 2023, publicouse na páxina web da Axencia Galega de Innovación a relación provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura dunha praza de titulado/a superior, xestor de proxecto, convocado por Resolución do 11 de outubro de 2023 (DOG núm. 209, do 3 de novembro).

Transcorrido o prazo que se establece na convocatoria para presentar as correspondentes alegacións, e revisadas as emendas presentadas polas persoas interesadas, as persoas que superaron o umbral de 6 puntos establecido na base 7.2 da convocatoria, foron citadas á entrevista.

O 29 de xaneiro de 2024 celebráronse as entrevistas coas persoas candidatas.

Logo da deliberación do tribunal, acordouse outorgar a puntuación que se especifica como anexo.

ACORDA:

Primeiro.- Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación provisional da segunda fase do proceso, así como a suma da puntuación total obtida polos/as candidatos/as.

Segundo.- Os/as aspirantes poderán presentar alegacións contra a puntuación outorgada na segunda fase no prazo de tres días hábiles (3), contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal>).

As reclamacións presentaranse do mesmo xeito establecido na base terceira, apartado h), para a presentación de solicitudes de participación.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

Sabela Pardo Rodríguez





ANEXO

Puntuacións provisionais da segunda fase do proceso selectivo para a cobertura do posto de titulado/a superior, xestor de proxectos

POSTO: Titulado/a superior-xestor de proxectos

ANO DA CONVOCATORIA: 2023

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 5 de xullo (Núm. 127)

APELIDOS, NOME	NIF	PUNTUACIÓNS		
		1ª FASE	2ª FASE	TOTAL PROCESO
Sergio Florentino Piñeiro García	**9331**	7,7	0,4	8,1
Graciela de Jesús Izquier Hernández	**5079**	7,1	0,4	7,5

